

1ª Parte: Coñecendo como funciona o Encerado Dixital Interactivo



1. ¿Que programas necesitamos ter instalados no equipo para que funcione o encerado dixital interactivo: EDI?

- Nos encerados dixitais **Smart Board** dispoñemos do software de traballo propietario : **Notebook**, en distintas versións e para varias plataformas (Windows, Mac, Linux).
- Nos encerados dixitais **Multiclass** dispoñemos do software de traballo propietario : **Multiclassbook**, en distintas versións e para varias plataformas (Windows, Linux).
- **Nos encerados dixitais anteriores e doutras marcas**, dispoñemos dun software xenérico tal como **Opèn Sankoré**.

Opèn Sankoré : Este programa foi deseñado polo Goberno Francés coa intención de alcanzar os obxectivos de desenvolvemento do milenio, e crear un programa governamental destinado á alfabetización dixital, libre e gratuíta para todos, especialmente orientada a África.

Nas aulas de 3º e 4º da ESO do noso centro, dispomos de encerados **Multiclass**, así como os programas adecuados xa instalados nos equipos de profesor. O sistema operativo inicialmente é unha versión adaptada de Debian (Linux) con menús personalizados, en galego, e unha colección de programas educativos listos para empregar en distintas materias. Referirémonos a este kit de profesor como “a **maqueta** do ordenador”.

No ordenador de traballo individual (casa, departamento, sala de profesores etc.) podemos facer unha instalación persoal. Os programas necesarios, previa consulta da súa licenza de instalación, poden ser descargados da web do fabricante e instalados no noso sistema operativo. Tamén será posible instalar a maqueta do ordenador da aula noutro equipo. Consultar esa posibilidade co dinamizador TIC do centro.

2. ¿Que necesitamos facer para que funcione o encerado dixital interactivo: EDI ?

O sistema operativo que temos no noso ordenador xa permite que, o conectar unha pizarra dixital automaticamente sexa táctil. É dicir, que unha vez conectada o equipo por USB e acendido o canón de vídeo, podamos realizar procesos básicos como apuntar, desprazarnos etc. Isto nos pode permitir abrir un navegador, escribir cun teclado virtual, seleccionar unha ligazón e movernos polo contido da páxina, ou visualizar un vídeo didáctico.

Dependendo do modelo e tecnoloxía empregada polo noso EDI , pode que non podamos desfrutar de todas as funcionalidades. Para isto debemos cargar o “driver” do fabricante, que nos vai permitir funcionalidades específicas (escritura a mana alzada, recoñecemento da grafía, multitáctil etc.). No noso caso, estes programas son tres:

- **O que vai controlar o Edi: IWBDriver**
- **O que vai permitirnos expoñer e editar recursos educativos: MULTICLASS BOOK, Open Sankoré**
- **O que vai controlar o audio: AUDIO CONTROL**

3. ¿Como activar o driver do encerado multiCLASS para acceder a tódalas funcionalidades do mesmo?

Para a conexión do portátil ao encerado dixital interactivo Multiclass, tan só debemos de conectar o cable USB do encerado. A través desa conexión o encerado convértese en táctil e pódese acceder e manexar as distintas aplicacións do equipo portátil e os arquivos que o usuario teña nel.

Cando o usuario quere usar o encerado con tódalas súas funcionalidades, o primeiro que hai que facer é ter activo o driver. O driver pódense cargar como aplicación de inicio de forma automática, e a persoa que sexa administrador dos equipos decidirá facelo.

De non ser cargado no inicio automaticamente, hai que facelo manualmente, na seguinte ruta: **Menú de aplicativos -> Educación -> iwbdriver.**



Unha vez lle damos a iwbdriver na ruta descrita aparece a seguinte fiestra.

O administrador dos equipos do centro, deberá encargarse de calibrar os encerados, e gardar ese perfil de calibración para cada aula. Así, o profesor non necesitará calibrar, e bastará con cargar o perfil de usuario creado para esa aula. Pódese calibrar de novo se así o desexa o profesor.

Esta fiestra terá que estar sempre activa, sendo, por tanto, recomendable minimizala, deste xeito teremos tódalas funcionalidades do encerado activas.




Se decide non cargar o driver do EDI, poderá escribir no encerado e manexar aplicacións e arquivos do equipo pero non disporá de tódalas ferramentas e vantaxes do produto: multitáctil que permite facer zoom (scroll) con dous dedos, ou escribir en dous espazos á vez e, o que é mais importante, algunha aplicación non responderá da forma esperada (por exemplo, na barra cos botóns maximizar, minimizar e pechar nas fiestras dalgunhas aplicacións).

Por último, se pechamos o iwqdriver o encerado deixará de ser táctil. Para recuperar o seu control táctil ou ben desconectamos e volvemos a conectar o cable usb ou ben lanzamos de novo a aplicación iwqdriver segundo o procedemento descrito.

3. ¿Como acceder o control do son no encerado multiCLASS ?

Ao acender un equipo que está conectado ao encerado, o son sairá polos altosfalantes do encerado de maneira automática, sen configurar nada. Se o usuario desconecta o cable USB do portátil o son pasará a reproducirse no portátil.

Sen embargo o control do volume a través do teclado só funciona se o son está reproducíndose no portátil, pero



non cando están soando os altosfalantes do EDI. Para modificar o volume dos altosfalantes do encerado, no menú multimedia debemos escoller a opción “ audio control” e na fiestra que se abre, podemos subir ou baixar o volume na barra deslizante, ben coas teclas do cursor ou co rato.

NOTA IMPORTANTE: Unha vez executamos calquera aplicativo que empregue o son (chromium, vlc, contido educativo multimedia) e notemos que estase a producir algún erro na saída do audio, debemos comprobar que na fiestra anterior, e no aplicativo sinalado está elixida a opción **HUB ANALOG STEREO**. De non selo caso, proceder a elixila nese mesmo menú.


3. ¿Como acceder o programa multiCLASS BOOK ?

O programa **multiclass book**, é o estilo dun caderno de notas xigante, que nos vai permitir expoñer textos manuscritos, tipográficos, imaxes, son, vídeos, ligazóns e contidos 3D. Todo isto organizado en páxinas, na que de xeito natural podemos mover, re-dimensionar ou cambiar a aparencia de todos estes obxectos para expoñer a información ca que habitualmente traballamos nunha aula, agora de xeito dixital. Estes obxectos poden crearse na propia aula de forma sinxela, combinarse entre eles, ou o que é mais habitual cargarse da biblioteca de recursos que dispón o programa e que vai aportar valiosos documentos gráficos ou sonoros as nosas clases (mapas, funcións matemáticas, sons para idiomas, simulacións etc.).

Cada unha das nosas clases pode ser gardada/editada posteriormente nos nosos equipos persoais, enviada por correo aos nosos alumnos en formatos compatibles (exemplo: PDF). De forma que podemos almacenar a meirande parte dos contidos dixitais cos que traballamos na aula, organizalos, complementalos ou usalos noutra aula con outro encerado.

O uso do programa **multiclass book** é moi sinxelo. Pensemos que o alumno que sae o encerado, non necesita coñecer previamente o seu uso técnico, senón tan solo identificar a meirande parte das iconas e as diferentes funcionalidades. Nos equipos da aula está no idioma galego (podendo configuralo noutro idioma), e en dous versións: a **completa** e unha máis reducida **LITE**, que emprégase para amosar contidos (o estilo dun presentador de diapositivas).

Para acceder o programa, no menú--> educación--> multiclassbook ou multiclassbook lite



Dispomos dun manual de uso en versión galego ou castelán, así como do programa para diferentes plataformas (windows e linux) que é facilmente instalable en calquera equipo.

- Na ligazón da empresa Multiclass: <http://www.multiclass.com/descargas>
Podemos acceder as descargas (*pizarra multitáctil*). *Ler as licenzas de uso.*
- Na ligazón das aulas abalar: <http://www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual/>

Aula Aberta ABALAR

Non es

Benviño/a á Aula Aberta ABALAR



Aula con todos os materiais formativos do **Proxectos Abalar e Aulas dixitais**, aberta a toda a comunidade educativa.

Categorías de curso

- **Aulas Kit Dixital**
Encerado Dixital multiCLASS
O sistema operativo do portátil
- **Manuais de aplicación presentes en Abalar / Aulas Kit dixitais**
Lista de Software Abalar / Aulas Kits dixitais
Manuais de aplicacións e servizos instalados nos equipos
- **Aulas abalar**
Aulas abalar en centros públicos. (Curso 2015-16)
Aulas abalar en centros concertados.
Centro Público ABALAR_documentacion sen actualizar

- Na

sección “Aulas KIT Dixital” podemos acceder os manuais de uso básico do encerado:

http://www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual/file.php/83/manuais/multiCLASS_Book_Manual_Gallego.pdf

- Na sección “Sistema operativo do Pecé” podemos acceder as xeneralidades sobre o sistema operativo do portátil: <http://www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual/course/view.php?id=82>
- Por exemplo, unha listaxe completa do software educativo instalado:

<http://www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual/mod/data/view.php?id=2642>

A partir da segunda sesión de traballo, veremos o manexo do programa, as novidades e os cambios metodolóxicos que nos vai permitir o seu uso. Recomendase ter impreso o manual para identificar as iconas, posto que nos primeiros meses de traballo co encerado será habitual esquecernos dos menús ou as funcionalidades de cada ferramenta nova.